



RESOLUCIÓN

ASUNTO: RESOLUCIÓN LISTA DEFINITIVA E ORDE BOLSA DAS BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A SUBSTITUCIÓN DO POSTO TRABALLADOR/A SOCIAL EN SUPOSTOS DE AUSENCIA, INCAPACIDADE E SITUACIÓNS ANÁLOGAS DA TITULAR

EXPEDIENTE DECRETO: 2021/G003/000230

ANTECEDENTES:

Visto que mediante Resolución da Alcaldía número 665/2020 de data 18/09/2020, expdte. 2020/G003/000706, aprobáronse as bases para a formación dunha bolsa de emprego para a substitución do posto traballador/a social en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas da titular.

Considerando a documentación existente no expediente e os informes do rexistro municipal en relación ás solicitudes de participación e ás alegacións presentadas.

Vista as actas de data 14/01/2021 relativa ás puntuacións da fase de oposición e concurso, a acta do tribunal de data 21/01/2021 en relación ás alegacións ás preguntas 3 e 19 da fase de oposición e a acta de 11/02/2021 relativa ás alegacións presentadas ás puntuacións provisionais (preguntas 1,19,20 e 30) coa puntuación final acadada polos candidatos e a orde obtida na bolsa de emprego.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Estimar as alegacións presentadas ás preguntas 1, 3 e 19 procedendo á anulación das mesmas polos motivos expostos nas actas sinaladas.

PREGUNTA Nº 3

3.-	Segundo a Lei 10/2013, do 27 de novembro de Inclusión Social de Galicia son criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social:
a)	Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.
b)	Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.
c)	Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual-laboral.
d)	Todas son certas.

O Tribunal entende que efectivamente o apartado C non coincide coa redacción literal da Lei 10/2013 "I) Tener la condición de persona transexual o estar en proceso de reasignación sexual." polo que procede a anulación da mesma e a valoración da primeira pregunta de reserva

PREGUNTA Nº 19

19.-	O catálogo de Servizos de Atención a Dependencia inclúe:
a)	Teleasistencia e xeolocalización.
b)	Servizo de Atención Diurna.
c)	Libranza para adquisición dun servizo.
d)	A e B son correctas

En relación coa pregunta 19 o tribunal considera que non está correctamente formulada polo seguintes motivos:
- As opcións propostas tanto no punto A como no B non se axustan á literalidade da lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.



Exp. 2021/G003/000230

- A xeolocalización forma parte da teleasistencia avanzada como apoio tecnolóxico, polo que podería entenderse como caso particular da mesma.
 - Así mesmo en ámbitos oficiais como a propia web da Consellería de Política Social faise mención á Teleasistencia e Xeolocalización de forma conxunta.
- Por todo o antedito e dado que o enunciado da pregunta non se refire especificamente á literalidade da lei 39/2006, este tribunal opta pola anulación da mesma por considerar que a súa formulación é ambigua e procede a considerar a segunda pregunta de reserva.

"PREGUNTA Nº 1

1.-	Segundo o decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios municipais, a aportación económica mínima de cada concello, en función do seu número de habitantes, e sobre o total do presuposto do seu proxecto anual de servizos sociais, establécese da seguinte maneira:
a)	Concellos de menos de 20.000 habitantes: o 20% do seu presuposto total do proxecto anual dos servizos sociais municipais.
b)	Concellos de 20.000 a 59.000 habitantes: o 25% do seu presuposto total do proxecto anual de servizos sociais municipais.
c)	Concellos de 60.000 ou máis habitantes : o 40% do seu presuposto total do proxecto anual de servizos sociais municipais
d)	A e B son correctas

En relación á pregunta nº 1 relativa ao decreto 99/2012, o tribunal considera que procede a anulación da mesma dado que efectivamente o apartado b) non se axusta coa redacción literal do decreto á que fai referencia a pregunta, polo que pasa a valorarse a 3º pregunta de reserva."

2.- Desestimar as alegacións presentadas ás preguntas 20 e 30 polos motivos expostos nas actas sinaladas.

"PREGUNTA 20

20.-	1.-A Constitución Española de 1978 está formada por:
a)	a) 10 títulos, catro disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e una disposición final.
b)	b) Un Preámbulo, 11 títulos, catro disposicións adicionais, nove disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e una disposición final.
c)	c) Preámbulo, 10 títulos, catro disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e una disposición final.

En relación á pregunta 20 acerca da estrutura da constitución, o tribunal considera que un título preliminar e 10 títulos numerados son 11 títulos e a pregunta non da lugar a confusión con ningunha das restantes alternativas polo que non procede a súa anulación."

"PREGUNTA 30

30.-	Non poñen fin á vía administrativa
a)	As resolucións dos recursos de alzada.
b)	A resolución administrativa dun procedemento de responsabilidade patrimonial.
c)	As 2 respostas anteriores son correctas.
d)	A interposición de recurso de reposición.

En relación coa pregunta nº 30 o tribunal considera que está correctamente formulada xa que a opción D), considerada como válida, non pon fin á vía administrativa ao tratarse da interposición do recurso e non da súa resolución.

3. Aprobar a seguinte lista de puntuacións finais para o proceso selectivo:

DNI	EXPERIENCIA	FORMACIÓN	TOTAL FASE CONCURSO	RESPOSTAS CORRECTAS	RESPOSTAS ERRONEAS	PUNTUACIÓN EXAME	SUPERA FASE OPOSICIÓN	TOTAL
448****5D	0	3	3	30	0	6	SI	9
793****1Y	1	3	4	25	5	5	SI	9
473****6F	0,8	3	3,8	24	6	4,8	SI	8,6

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
 (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



394****3C	1	3	4	23	7	4,6	SI	8,6
338****5J	1	3	4	22	8	4,4	SI	8,4
354****4A	0	3	3	26	4	5,2	SI	8,2
458****3B	0	3	3	25	5	5	SI	8
473****7F	0,957	3	3,957	20	10	4	SI	7,957
394****7H	0,6	2,125	2,725	26	4	5,2	SI	7,925
769****4D	0,71	3	3,71	20	10	4	SI	7,71
473****7S	0	3	3	23	7	4,6	SI	7,6
361****5X	1	3	4	18	12	3,6	SI	7,6
788****7Y	0,7	3	3,7	19	11	3,8	SI	7,5
536****2P	1	2,025	3,025	22	8	4,4	SI	7,425
473****0Z	1	3	4	17	13	3,4	SI	7,4
469****2X	1	2,755	3,755	18	12	3,6	SI	7,355
793****2S	0,7	3	3,7	18	12	3,6	SI	7,3
468****0M	0	2,81	2,81	17	13	3,4	SI	6,21
448****4D	0,64	1,445	2,085	19	11	3,8	SI	5,885
793****1Z	1	0,295	1,295	22	8	4,4	SI	5,695
458****9A	1	0,825	1,825	18	12	3,6	SI	5,425
788****4Q	1	0,7	1,7	17	13	3,4	SI	5,1
394****9S	0	0	0	14	16	2,8	NO	2,8

4 Tendo en conta o establecido no art. décimo primeiro.–empate na orde de puntuación.

En caso de empate, a orde de puntuación dos candidatos establecerase como segue:

1.–Nota da fase de oposición.

2.– Nota da fase de concurso.

3.– Letra do primeiro apelido tomando como referencia o establecido na última resolución anual pola que se publica o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración del Estado (orden de actuación dos aspirantes en probas selectivas).

Proceder á constitución da bolsa de traballo por orde de puntuación obtida para a bolsa de emprego para a substitucións do posto traballador/a social en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas da titular que queda da seguinte maneira:

ORDE BOLSA	DNI	TOTAL
1	448****5D	9
2	793****1Y	9
3	473****6F	8,6
4	394****3C	8,6
5	338****5J	8,4
6	354****4A	8,2
7	458****3B	8
8	473****7F	7,957
9	394****7H	7,925
10	769****4D	7,71



11	473****7S	7,6
12	361****5X	7,6
13	788****7Y	7,5
14	536****2P	7,425
15	473****0Z	7,4
16	469****2X	7,355
17	793****2S	7,3
18	468****0M	6,21
19	448****4D	5,885
20	793****1Z	5,695
21	458****9A	5,425
22	788****4Q	5,1

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES, ou ben impugnala directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte á súa notificación, todo iso de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Así mesmo, poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión en vía administrativa, perante o mesmo órgano que o ditou, polos motivos e no prazo previsto no artigo 125 da Lei 39/2015

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A *alcaldesa*, Margarita Lamela Louzán

A *secretaria*, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]